

**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

## **CONVOCATORIA**

Polo presente, convócase a vde. á **SESIÓN ORDINARIA** a celebrar polo **CONCELLO PLENO**, no Salón de Sesiões desta Casa Consistorial, ás **19,30 h. do día 27 DE MAIO DE 2020**, en primeira convocatoria e dous días despois en segunda convocatoria, segundo o disposto no art. 90 do R.O.F.

A presente sesión, cuxa celebración considérase necesaria e imprescindible por ser preciso levar a cabo a aprobación de recoñecementos extraxudiais de crédito para poder efectuar o pagamento a provedores, levarase a cabo a porta pechada, ao non dispoñer este Concello dos medios tecnolóxicos necesarios para asegurar a telepresencia efectiva dos/as concelleiros/as; garantíndose así que a mesma se celebre en condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, tal e como se establece na Resolución da Alcaldía num. 370/2020, de data 05.05.2020, e evitando deste xeito, e por motivos de saúde pública, que se poidan producir aglomeracións de persoas. Todo elo en exercicio das competencias para a xestión ordinaria dos servizos que conserva este Concello en aplicación do establecido no artigo núm. 6 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O mesmo tempo, lémbrese a vde. a obriga de asistir, de non haber causa xustificada que llo impida. En caso de que a houbese e coa debida antelación, deberá comunicalo á presidencia, en evitación de sanción na que noutro caso poidera incorrer, con arreglo ó art. 78.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, e en relación co preceptuado no art. 12 do R.O.F.


A partir desta data, ten vde. á súa disposición nas oficinas municipais, os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día que se detalla ó dorso da presente convocatoria.

Prégase puntual asistencia.

Mugardos, asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, en data 21 de maio de 2020

TABOLEIRO DE EDICTOS

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ORDE DO DIA**

- 1.- APROBACION DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 26.02.2020 (3/2020) E DA DO DÍA 09.03.2020 (4/2020)
- 2.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 06/2020.
- 3.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE CONCRECIÓN DUNHA SOLUCIÓN PARA OS PROBLEMAS DE SEGURIDADE VIAL NO CRUCE DA AC-130 COAS RÚAS O CRISTO E CASÁS.
- 4.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE CONTINUACIÓN COS TRABALLOS PARA A OBTENCIÓN DOS BENS E TERREOS NECESARIOS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIAL NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ.
- 5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2019
- 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 272/2020, 279/2020, 281/2020, 370/2020, 374/2020 E 395/2020.
- 7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚMS. 174/2020 Á 407/2020, AMBAS INCLUSIVE.
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*